

## Emprego na Seguridade Social e mutualidades

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos e utilidades

O principal obxectivo desta actividade estatística é coñecer o número de traballadores en alta laboral na Seguridade Social e nas distintas mutualidades: "Instituto Social de las Fuerzas Armadas" (ISFAS), "Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado" (MUFACE) e "Mutualidad General Judicial" (MUGEJU) por concello de residencia do traballador, así como a distribución segundo o sexo e a idade.

Por outra banda, tamén se analizan as afiliacións á Seguridade Social e ás distintas mutualidades en alta laboral en Galicia por concello e comarca de residencia da persoa afiliada, os sectores e seccións de actividade segundo a clasificación nacional de actividades CNAE-2009.

#### 2. Ámbito de investigación

##### Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de afiliacións á Seguridade Social, MUFACE, ISFAS e MUGEJU en alta laboral, de traballadores residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non están incluídas as persoas que cotizan á Seguridade Social por outros motivos, como por exemplo os perceptores de prestacións de desemprego, os convenios especiais (distintos dos coidadores de dependentes) ou as persoas rexistradas na Seguridade Social só a efectos de recibir asistencia sanitaria.

Hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios. Nesta actividade estatística difúndese información do número de afiliacións en alta laboral e dos traballadores afiliados á Seguridade Social e ás distintas mutualidades (MUFACE, ISFAS e MUGEJU) residentes en Galicia.

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

As afiliacións clasifícanse segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Para obter o concello de residencia crúzanse os ficheiros de afiliacións da Seguridade Social e os das distintas mutualidades co Padrón municipal continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE), naqueles casos onde sexa posible, noutro caso manterase o concello de residencia que figure no ficheiro de afiliación da mutualidade correspondente.

Ademais compre ter en conta que nas afiliacións á Seguridade Social só se consideran as afiliacións en alta laboral en Galicia, nas afiliacións á MUFACE e MUGEJU só se consideran os mutualistas con destino de traballo en Galicia, e os mutualistas de ISFAS clasifícanse unicamente polo lugar de residencia.

### **Ámbito temporal**

O ámbito temporal correspóndese co último día de cada trimestre.

## **3. Definicións**

A afiliación ao Sistema da **Seguridade Social** é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral. No caso de que retome a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse de novo dado que a afiliación é única para toda a vida do traballador. Os réximes incluídos no Sistema da Seguridade social son os seguintes:

- Réxime xeral
- Réxime especial de minería do carbón
- Réxime especial autónomos
- Réxime especial de traballadores do mar
- Sistema especial agrario
- Sistema especial de empregados do fogar

Por outra banda, os funcionarios públicos están sometidos a diferentes réximes da Seguridade Social, segundo a Administración á que se vincularon con ocasión do seu ingreso, os funcionarios

de carreira da Administración Civil e Militar do Estado, incluída a de Xustiza, Cortes e Outros Órganos Constitucionais, están adscritos ao Réxime Especial de Seguridade Social dos Funcionarios Públicos, cuxas prestacións se xestionan polas seguintes mutualidades:

- **Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado (MUFACE)**
- **Mutualidad General Judicial (MUGEJU)**
- **Instituto Social de las Fuerzas Armadas (ISFAS)**

#### **4. Recollida da información**

A recollida de información das afiliacións á Seguridade Social realizase en virtude do convenio de colaboración entre a Tesorería General de la Seguridad Social, o Instituto Social de la Marina e o Instituto Galego de Estatística en materia estatística, publicado no BOE núm. 90, do 15 de abril de 2011. O IGE recibe trimestralmente dous ficheiros: afiliacións en alta laboral e contas de cotización.

A data de referencia dos ficheiros é o último día de cada trimestre

Nos ficheiros de afiliacións aparecen todas as afiliacións nalgúns dos réximes do Sistema da Seguridade Social: réxime xeral, réxime especial de minería do carbón, réxime especial de autónomos e réxime especial de traballadores do mar.

O ficheiro de afiliacións conta cun rexistro por cada afiliación no sistema da Seguridade Social. É dicir, non hai un rexistro por cada persoa afiliada, senón que poden existir varios rexistros (afiliacións) que correspondan a un mesma persoa afiliada.

No tocante ao ficheiro de contas de cotización da Seguridade Social, cobre calquera tipo de empresa e actividade, exceptuando os traballadores por conta propia. Os empresarios deben dispoñer, polo menos, dun código de conta de cotización por cada provincia onde realicen unha actividade económica e por cada réxime.

Hai que ter en conta que os códigos de conta de cotización non identifican necesariamente aos centros de traballo. Para máis información sobre o procesamento dos ficheiros de afiliacións consultar a metodoloxía da operación estatística:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_AfiliadosMunicipais\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_AfiliadosMunicipais_gl.pdf)

Por outra banda, a información dos mutualistas pertencentes a MUFACE, ISFAS e MUGEJU procede dos ficheiros facilitados polas correspondentes mutualidades. Recíbese información trimestral dende setembro de 2015.

Por último, para obter o municipio de residencia da persoa afiliada, cruzouse a base de datos de afiliacións co Padrón continuo que o INE envía periodicamente en virtude do Acordo marco sobre

cooperación estatística e intercambio de información entre o Instituto Nacional de Estadística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), firmado o 30 de xaneiro de 2002.

Desde o ano 2013 (inclusive) o INE envía semestralmente ao IGE os ficheiros de microdatos do Padrón municipal continuo con data de referencia o 1 de xaneiro e 1 de xullo de cada ano.

Cada ficheiro de afiliacións crúzase coa base de datos do Padrón que teña a data de referencia máis próxima ao de afiliacións e que estea dispoñible no momento da difusión da actividade.

Para aqueles rexistros do ficheiro de afiliacións que non é posible cruzalos co Padrón, asígnase o concello de residencia que figura nas bases de datos da Seguridade Social, MUFACE, ISFAS e MUGEJU.

A partir do segundo trimestre do ano 2018 (inclusive), só se recibe información dos mutualistas pertencentes a ISFAS segundo as variables sexo e idade, polo que para a obtención do concello de residencia do mutualista fíxose unha asignación proporcional por concello tomando como referencia a última información dispoñible, a do primeiro trimestre do ano 2018. Para solucionar os problemas de redondeo xerados na asignación do concello utilizouse a función "redondeos.R", da linguaxe de programación R, facilitada por Julio González Díaz da Universidade de Santiago de Compostela<sup>1</sup>.

## 5. Variables de clasificación e aspectos metodolóxicos

Como xa se indicou anteriormente, o ficheiro de afiliacións conta cun rexistro por cada afiliación polo que, nas táboas de afiliacións, cada persoa afiliada contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, ben sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

Nas táboas que se difunden do número de persoas afiliadas en alta laboral, cada traballador contabilízase unha soa vez.

Só se consideran as afiliacións de persoas que traballan e residen na Comunidade Autónoma de Galicia. No caso da mutualidade ISFAS, existen algúns traballadores onde non figura o lugar de traballo no ficheiro, neste caso asignáronse a Galicia.

A continuación faise unha pequena descrición das principais variables de clasificación utilizadas na difusión dos resultados.

**Concello de residencia da persoa afiliada:** concello no que figura empadroado a persoa afiliada (Padrón municipal continuo) e no caso que non sexa posible o cruce co Padrón asígnase o concello de residencia que figura no ficheiro de afiliación.

---

<sup>1</sup> González Díaz, J. 2016. "Función redondeos en R". Universidade de Santiago de Compostela. Comunicación persoal; non publicado.

**Idade:** obtense a partir da data de nacemento que figura nos ficheiros de afiliación.

**Sexo:** considérase o sexo recollido nos ficheiros de afiliación.

**Actividade:** no caso das afiliacións á Seguridade Social para os traballadores por conta propia considérase a actividade (segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE 2009) rexistrada na base de datos de afiliacións. Aos traballadores por conta allea asígnaselles a actividade da conta de cotización á que pertencen. Nos resto de mutualidades, asígnaselles a actividade que figura no ficheiro de afiliación.

## **6. Presentación de resultados**

Difúndense as seguintes táboas con datos desde o terceiro trimestre de 2015.

- Persoas afiliadas á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral: proporciónase unha táboa co número de traballadores afiliados en alta laboral segundo o municipio de residencia da persoa afiliada, o sexo, a idade. Nesta táboa cada traballador contabilízase unha única vez.

- Afiliacións á Seguridade Social e mutualidades en alta laboral: publícanse táboas co número de afiliacións en alta laboral segundo o concello (comarca) de residencia da persoa afiliada e os sectores (seccións) de actividade. Neste caso cada persoa afiliada contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña.